


A CATEDRAL ROMÁNICA DE SANTIAGO

Tras o descubrimento dos supostos restos do apóstolo Santiago, edificouse un pequeno templo no lugar que, en épocas posteriores, foi modificándose ata chegar a ser a gran catedral que hoxe coñecemos.

Este traballo consiste en sintetizar a historia da construción desta catedral, pero unicamente a obra do románico, pois durante os anos finais do século XVII e comezos do XVIII engadíronse numerosos elementos (Torre do reloxo, fachada do Obradoiro, peche do Pórtico Real...) que son os que hoxe dan o aspecto exterior a esta catedral. Por iso este traballo debe centrarse, basicamente, no seu interior, que é o que corresponde á época do románico.



Reconstrución hipotética da catedral románica de Santiago de Compostela



Esta obra pode ser analizada deste varios puntos de vista, pero o que maior relación ten co tema estudado é o que se refire aos aspectos arquitectónicos e escultóricos do románico. O traballo pode ser de tipo descritivo, pero unha opción é seleccionar imaxes para analizar e comentar tanto os elementos arquitectónicos (soportes, cubertas, capiteis, decoración dos muros...) como escultóricos (o conxunto e/ou algunha das esculturas máis representativas). Por iso, un posible guión para a elaboración do traballo sería o seguinte:

1. A arquitectura da catedral románica

- A historia da catedral románica:

 - A planta

 - As fases construtivas

 - Características da arquitectura

2. A escultura da catedral compostelá

- A fachada de Praterías

 - Descrición

 - Iconografía

- O Pórtico da Gloria

 - Descrición

 - Iconografía

